



ORDENANZA FISCAL NÚM. 9.

REGULADORA DA TAXA POR PRESTACION DO SERVICIO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E SERVICIOS COMPLEMENTARIOS.

Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, Lei de Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por prestación do servizo de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e que atende ó prescrito no artigo 58 da citada lei 39/1988.

Artigo 2. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos. O servizo poderá prestarse por xestión directa ou indirecta.

2. A obriga de contribuir existe dende o momento que se preste o servizo na zona en que se sitúa a vivenda ou establecemento, entendéndose que está establecido o servizo cando o itinerario do mesmo pasa a unha distancia non superior a cen metros do local.

Presúmese a utilización do servizo cando existe posibilidade de habitar a vivenda ou de usar o local por contar con calquer dos servizos de suministro de auga, enerxía eléctrica ou alcantarillado.

En este suposto, a taxa se devenga e nace a obriga de contribuir o primeiro día de cada ano natural, calquer que sexa o tempo de duración do aproveitamento dentro do exercicio.

Artigo 3. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais emprazados nos lugares onde se preste o servizo, sexa a título de propietario, usufrutuario ou arrendatario.

2. No caso de vivendas ou locais nos que a cota se recaude a través do recibo da auga, presumírase que e suxeito pasivo o titular do abono ó citado servizo.

Artigo 4. Base de gravame e tarifas.¹

Tanto para as vivendas como para os establecementos utilizarase o sistema de cota fixa.

	Cota anual
1.- Vivendas	70,00 €
2.- Establecementos industriais sitios no Parque Empresarial	360,00€
3.-Restaurantes, cafeterías, bares, tabernas e establecementos análogos	250,00€
4.- Resto de establecementos comerciais	110,00 €

Artigo 5. Período impositivo.

1. O período impositivo coincidirá co ano natural e a él se refiren as cotas sinaladas nas tarifas do artigo 4 de esta Ordenanza. Tales cotas son irreducibles, non obstante, cando a tase se recaude conxuntamente co recibo de auga, a cota fracionarase por trimestres, sendo tamén irreducible.

2. O alta nos servizos de auga e/ou servizo de sumidorios conleva a inclusión no Padrón de Recollida de Basuras.

Artigo 6. Infraccións e sancións

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o vinte de setembro de mil novecientos noventa e cinco, entrara en vigor o día un de xaneiro de mil novecientos noventa e seis, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

¹ Modif. pleno 14/11/2012, de aplic a partir de 01/01/2013.
Mod pleno do 25.09.10, de aplicación a partir do 01.01.2010